



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA SETE DE OUTUBRO DE 2021 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Vogais: D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
SECRETARIO: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día sete de outubro de dous mil vinte e un, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (09/09/2021).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de outubro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- - Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201900000000645 de UFD Distribución Electricidad , S.A (Expediente núm. 2021/U022/000017).

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de LMT, CT E RBT (expediente 218118109001) en Cubelas e Ribeira – Sarandón (San Pedro), neste termo municipal (expediente municipal número 2019/U022/000017), nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Pedro Tizón Barro, en calidade de Enxeñeiro Técnico Industrial, cun orzamento provisional de 113.044,64 euros.

Dáse conta tamén das autorizacións outorgadas por: AESA nos expedientes L21-0020 e L21-0128; Consellería do Medio Rural no expediente 2021/1551632; Consellería do Medio Rural – Servizo de Montes con data do 25/08/2021.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:



1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 16/10/2020 e ao contido das autorizacións sectoriais emitidas.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble; poderá ser revogada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de dous mil douscentos sesenta euros con oitenta e nove céntimos (#2.260,89#)

2.2.- Instancia núm. 202199900000504 de Unión Fenosa Distribución, S.A –Gas Naturgy -UFD

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de liña aérea de baixa tensión con inicio en novo apoio e final en apoio proxectado. Tamén acometida con inicio en paso aéreo a subterráneo e final na CPM do solicitante sendo a canalización proxectada de 2 metros de lonxitude en Vilapedre – Illobre (San Andrés) (expediente núm.: 2021/U022/000024), en solo cualificado polo vixente PXOM como Rústico de especial protección agropecuaria (R-2) e Rústico de especial protección forestal (R-3), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Rubén Fervenza Nicolas, en calidade de enxeñeiro industrial, cun orzamento provisional de 4.288,56 euros.

Dáse conta tamén das autorizacións outorgadas pola Consellería do Medio Rural con data do 23/09/2021 no expediente 2021/ 2147718 e polo Servizo de Montes, da Consellería do Medio Rural, con data do 14/9/09/2021.



A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 06/09/2021.

Deberá terse en conta o contido dos informes sectoriais emitidos no expediente e dos que se deu traslado á solicitante.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaríanse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble; poderá ser revogada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatíbles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de oitenta e cinco euros con setenta e sete céntimos (#85,77#).

2.3.- Instancia núm. 202199900000506 de don Manuel Mougán Fachal. (Expediente núm. 2021/U022/000025)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para obras de substitución de cuberta en edificación auxiliar, destinada a garaxe e almacenamento de apeiros agrícolas, de 236,50 m², distribuídos en planta baixa e anexo a vivenda, en Vilar, 6 – Vilanova (San Pedro) (expediente núm.: 2021/U022/000025), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais. N-1”, segundo o



vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por José M. Pena Alonso, en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000100500NH43F.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por José M. Pena Alonso de data 05/08/2021, visado número CO-20210577, e o anexo achegado con data do 10/09/2021.

En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará coa contorna de maneira que favoreza a integración na contorna inmediato e na paisaxe (gama de cores da Xunta de Galicia).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos vinte e dous euros con noventa e un céntimos (#322,91#).

2.4.- Comunicación de obra de don José L. Canicoba Carrillo. (Expediente núm. 2021/U026/000082)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Luis Canicoba Carrillo para retellado de cuberta de edificación existente, de 20 m² de superficie, e acondicionamento de baño.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000600900NH43D, emprazada en Feal, 3 – Ribadulla (San Mamede), cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.5.- Comunicación de obra de don José L. Canicoba Carrillo. (Expediente núm. 2021/U026/000085)



Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don José Luis Canicoba Carrillo para rehabilitación de vivenda consistente en repicado, lavado e encintado de tres das fachadas da mesma.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000600900NH43D, emprazada en Feal, 3 – Ribadulla (San Mamede), cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento cincuenta e sete euros con oitenta céntimos (#157,80#).

2.6.- Comunicación de obra de don José Lema Louzao. (Expediente núm. 2021/U026/000087)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido polos herdeiros de don Manuel Louzao Brea para conservación de muro de pedra existente nos termos da documentación achegada.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000300600NH43F, emprazada en Pumariño (Ponte Ulla), cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.7.- Comunicación de obra de dona M^a. Del Carmen Riveiro Uzal. (Expediente núm. 2021/U026/000090)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona M^a del Carmen Riveiro Uzal para construción de peche de parcela, con base de formigón, revestida e pintada, sen superar o 1,50 metros de alto, e postes e malla de arame sen superar a altura total de 1,80 m. Pola parte este da finca, aproximadamente 30 m. de largo, recuándoo 6 metros do eixe da vía e pola parte sur, aproximadamente 30 metros de largo, e recuándoo 5 metros do eixe da vía.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002202300NH44A0001RE, emprazada en Sales, 8 – San Fins de Sales, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:



Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.
Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e tres euros con noventa e tres céntimos (#53,93#).

2.8.- Instancia núm. 202099900000154 de dona Tania López Otero. (Expediente número 2020/U007/000004)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio a efectos de notificacións en Viño grande – Illobre (San Andrés), expón que con data do 28/11/2017 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Trasariz, 17 – Sales (San Fins), referencia catastral 15090D502001390, (licenza número 2017/U022/000027), nos termos do proxecto achegado e asinado por don Eugenio Torreira Pais en calidade de arquitecto, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva, solicita a concesión da licenza de primeira ocupación.

Dáse conta tamén que se achega escritura notarial formalizando a cesión de terreo prevista na lei e aceptada co acordo de concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así coma na demais lexislación de aplicación, acorda concederlle a licenza de primeira ocupación (expdte.: 2020/U007/000004) e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros.

A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.9.- Comunicación de obra de dona María del Carmen Canicoba Caldelas. (Expediente núm. 2021/U026/000063)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María del Carmen Canicoba Caldelas para colocación de tres tubos de 40 mm para rampla de acceso a finca.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090B50400434, emprazada en Recarei – San Cristovo de Merín, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas



outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble; poderá ser revogada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.10.- Instancia de don José Andrés Vieites López. (Expediente núm. 2021/U018/000007)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para parcelamento de finca en Matelo – Sales (San Xián) en tres parcelas resultantes e dúas parcelas de cesión de terreos, nos termo da documentación técnica achegada, de data 02/09/2021, asinada por don Juan Carlos Vilariño Santos en calidade de enxeñeiro técnico agrícola.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal parte como Solo de Núcleo Rural (N-1) e parte como Solo de Expansión dos Núcleos Rurais (N-2) .

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Matelo – Sales (San Xián) nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de cento oitenta euros (#180,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreo nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 03, de 138 m² pola parte nordeste e de 92 m² pola parte suroeste, e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.11.- Instancia de don Leoncio González Espiño e don José Suárez Álvarez. (Expediente núm. 2021/U018/000008)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Vedra solicitan licenza para regularización das fincas número 1030 e 1031 da concentración parcelaria de Vedra, emprazadas en Avda. M. M. Gómez - Vedra, en dúas parcelas resultantes,



nos termos da documentación técnica achegada asinada por don José Manuel Pena Alonso en calidade de enxeñeiro técnico agrícola.

As parcelas atópase en solo cualificado polo vinte Plan Xeral de Ordenación Municipal como Residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta (U-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para agrupamento e posterior parcelamento das fincas descritas, en dúas parcelas resultantes e unha parcela de cesión de terreo, nos termos da documentación técnica achegada, asinada con data do 01/09/2021, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreos nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 2.6, de 40,00 m². e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.12.- Instancia de dona Tania Canicoba Canicoba. (Expediente. número 2021/U018/000009)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Lalín (Pontevedra) solicita licenza para parcelamento e agrupación de parcelas resultando dúas novas parcelas e tres parcelas de cesión de terreos, en Recarei – San Cristovo de Merín, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Juan Carlos Vilariño Santos en calidade de enxeñeiro técnico agrícola.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como de expansión dos núcleos rurais (N-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para agrupación e parcelamento das fincas obxecto do expediente e nos termos do proxecto mencionado, de data 22 de setembro de 2021, emprazadas no lugar de Recarei – San Cristovo de Merín, neste termo municipal, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreos nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e nos planos do proxecto número 02-03, que resulta: Lote 1-cesión: 204 m²; Lote 2-cesión: 7 m²; Lote 3-cesión: 50 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.13.- Autorización de ocupación do dominio público.



Dáse conta do expediente municipal número 2021/U026/000081 tramitado a instancias de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de un poste de madeira, tipo 8E de oito metros de altura en Sales - Sales (San Fins) N REF: 8256059_3534137 nos termos da documentación técnica achegada de data 20/07/2021. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

Dáse conta do expediente municipal número 2021/U026/000089 tramitado a instancias de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalar dous postes de madeira tipo 8E na vía pública no lugar de Sarandón - Sarandón (San Miguel) REF:8262384_3540493 nos termos da documentación técnica achegada de data 12.08.2021. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

Dáse conta do expediente municipal número 2021/U026/000092 tramitado a instancias de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de tres postes de madeira en Cubelas - Sarandón (San Pedro) nos termos da documentación técnica achegada. Ref. 8235228 – 3518500, nos termos da documentación técnica achegada de data 23/07/2021. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido dos expediente, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada sinalada en cada un deles.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaríanse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble; poderá ser revogada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.



3º.- Cambio de titularidade de licenza de actividade.

3.1.- Instancia de Precebo de Vacuno, S.C.

Dáse conta da declaración responsable achegada por don Salvador García Pazos en representación de Precebo de Vacuno, S.C. de cambio de titularidade de licenza de Cebadeiro de becerros (máximo 442 prazas) en Cubelas – Sarandón (San Pedro) que conta con Declaración de Incidencia Ambiental do 09/01/2019 e licenza de data 21/03/2019, denominada comercialmente Granja Os Carballiños (Expdte.: número 2021/U020/000009). Referencia catastral 15090A50600390.

A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento da documentación achegada e da declaración realizada por Salvador García Pazos, en representación de Precebo de Vacuno, S.C., do cambio de titularidade da licenza de mencionada.

4º.- Certificacións de obras.

4.1.- Certificación núm. 2 da obra de *Acondicionamento de espazo verde público en Fontao (POS + Adicional 1/2019)*.

Dáse conta da certificación núm. 2 da obra *Acondicionamento de espazo verde público en Fontao*., *incluída no POS + Adicional 1/2019*, e máis da factura núm. EO21 09027 da empresa adxudicataria da mesma, Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de dezaoto mil oitocentos oitenta e tres euros con corenta e cinco céntimos (#18.883,45#). A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a certificación e máis a factura correspondente.

4.2.- Certificación núm. 1 e última da actuación *Instalación de iluminación exterior en pista deportiva e velódromo do concello de Vedra* (Expediente núm. 2021/C005/00001)

Dáse conta da certificación núm. 1 e última da actuación *Instalación de iluminación exterior en pista deportiva e velódromo do concello de Vedra* (Expediente núm. 2021/C005/000001), cofinanciada por Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación dos servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG núm. 12/21, do 20 de xaneiro), por importe de trinta e cinco mil noventa euros (#35.090,00#).

Dáse conta así mesmo da factura núm. 2 da empresa adxudicataria do contrato, Rubén José Noya Mallo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a certificación e máis a factura correspondente.

5º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.

5.1.- Escrito núm. 202199900000520 de Construcciones Fechi, S.L.



Dáse conta do citado escrito no que don Eliseo Senra de Santiago solicita a devolución da fianza definitiva, constituída para responder da execución da obra de Ampliación da rede de abastecemento en Nande e Matelo, incluída no Fondo de Compensación Ambiental 2016 –Liña concorrencia competitiva (Acta de recepción da mesma con data 18/08/2016), por importe de 1.652,89 euros.

Dáse conta así mesmo, do informe favorable da directora da citada obra, dona Clara Lema Rodríguez.

A Xunta de Goberno Local acorda proceder á devolución da citada fianza.

6º.- Facturas varias.

Dáse conta da relación contable de facturas núm. F/2021/11, que ascende a un importe total de 114.662,58 euros, a cal se engade como anexo á presente acta.

Vista a citada relación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar todas as facturas contidas na mesma.

7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía dos meses de agosto e setembro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
413	02/08/2021	Autorizando substitución funcións de secretaria por vacacións do titular a favor da funcionaria Mercedes Pereiras
414	02/08/2021	Retirada tarxeta de aparcadoiro para discapacitados
415	02/08/2021	Rendición Conta Xeral do exercicio 2020
416	02/08/2021	Concesión tarxeta de aparcadoiro para discapacitados
417	03/08/2021	Aprobación convenio regulador Programa Fondo de Compensación Ambiental 2021
418	03/08/2021	Pagamento axuda de emerxencia social
419	03/08/2021	Cambio de xornada na escola infantil municipal 2021/2022 do menor AVC
420	03/08/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
421	04/08/2021	Expediente modificación de créditos 10/21 (xeración)
422	04/08/2021	Aprobación expediente de contratación de subministración de bens incluídos no proxecto de Conservación Medioambiental 2021, cofinanciado polo Fondo de Compensación Ambiental (Exp. 2021/C005/000002)
423	04/08/2021	Delegando funcións da Alcaldía no 1º Tenente de Alcalde, don Manuel Costa Carneiro do 16-30/08 por vacacións
424	05/08/2021	Suspensión expediente de contratación 2021/C005/000002
425	05/08/2021	Aprobación prazas vacantes EIM curso escolar 2021/2022
426	05/08/2021	Expediente limpeza de parcela en Argunte – San Mamede de Ribadulla
427	05/08/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
428	06/08/2021	Aprobación emenda pregos licitación expediente 2021/C005/000002, e apertura de novo prazo de presentación de propostas
429	09/08/2021	Alta no padrón municipal de habitantes
430	09/08/2021	Adxudicación obras de precintado de fosas sépticas no CPI de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		Vedra e acondicionamento de espazo para patio a Espina y Delfin, S.L (Exp. 2021/C002/000013)
431	09/08/2021	Alta no padrón municipal de habitantes
432	10/08/2021	Ordenando a comprobación da legalidade de obras de cerramento en Torre de Abaixo – Santa Cruz de Ribadulla
433	10/08/2021	Adxudicando a Eurotec Inspección y Control, S.L a asistencia técnica do control de calidade da obra de Mellora de Camiños Rurais 2021 (PMM 2021/2022) (Exp. 2021/C002/000014)
434	11/08/2021	Autorizando redución xornada de traballo por conciliación laboral e familiar a traballadora municipal
435	11/08/2021	Alta SAF-Libre concorrencia de GJCC
436	11/08/2021	Pago bonos alimentos a supermercado García & García
437	12/08/2021	Alta no servizo de comedor da EIM curso 2021/2022 de menor (LMI)
438	13/08/2021	Resolución expediente sancionador por incumprimento das medidas sanitarias COVID-19 con imposición de sanción
439	13/08/2021	Resolución expediente sancionador por incumprimento das medidas sanitarias COVID-19 con imposición de sanción
440	13/08/2021	Resolución expediente sancionador por incumprimento das medidas sanitarias COVID-19 con imposición de sanción
441	13/08/2021	Resolución expediente sancionador por incumprimento das medidas sanitarias COVID-19 con imposición de sanción
442	13/08/2021	Resolución expediente sancionador por incumprimento das medidas sanitarias COVID-19 con imposición de sanción
443	13/08/2021	Resolución expediente sancionador por incumprimento das medidas sanitarias COVID-19 con imposición de sanción
444	13/08/2021	Cambio de xornada e alta no comedor da EIM curso 2021/2022 de menor (MGT)
445	13/08/2021	Renuncia ao paquete de vacacións do Programa Conxuga curso 2021/2022 (MCV/MCV)
446	13/08/2021	Pago bonos alimentos a supermercado Corvirán (Severo Carrillo Domínguez)
447	17/08/2021	Expediente modificación de créditos 11/2021 (xeración)
448	18/08/2021	Iniciación expediente sancionador por incumprimento de medidas sanitarias COVID-19
449	18/08/2021	Iniciación expediente sancionador por incumprimento de medidas sanitarias COVID-19
450	18/08/2021	Expediente modificación de créditos 12/2021 (xeración)
451	18/08/2021	Delegación celebración matrimonio civil na concelleira dona Diana Varela Barreiro
452	19/08/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
453	20/08/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
454	20/08/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
455	24/08/2021	Designación técnico Mesa de Contratación licitación subministración bens incluídos no Proxecto de Conservación Medioambiental (FCA 2021) (Ex. 2021/C005/000002)
456	26/08/2021	Aprobación nóminas do mes de agosto
457	30/08/2021	Adxudicación obra de Mellora de accesibilidade e enerxética na Casa de cultura de San Miguel de Sarandón, cofinanciada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Joaquín Nieves, S.L (Exp. 2021/C002/000015)
458	30/08/2021	Altas no padrón municipal de habitantes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



459	30/08/2021	Adxudicación días soltos Programa Conxuga- modalidade verán 2021 e curso escolar 2021/2022 a ECM
460	30/08/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
461	31/08/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
462	31/08/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
463	31/08/2021	Alta na rede municipal de abastecemento de auga potable da vivenda sita no núm. 30 de San Xián de Sales
464	31/08/2021	Autorizando acometida á rede municipal de saneamento da vivenda sita en Matelo –San Xián de Sales
465	31/08/2021	Autorizando acometida á rede municipal de saneamento da vivenda sita en Tomonde nº 7 – Santa Cruz de Ribadulla
466	31/08/2021	Autorizando acometida á rede municipal de saneamento da vivenda sita en Laraño nº 15 –San Xián de Sales
467	31/08/2021	Autorizando acometida á rede municipal de abastecemento da vivenda sita en Cibrán nº 33 –San Xián de Sales
468	31/08/2021	Autorizando acometida á rede municipal de abastecemento da vivenda sita en Cibrán nº 14 –San Xián de Sales
469	31/08/2021	Autorizando acometida e conexión á rede municipal da abastecemento de vivenda sita en Nande nº 63 –San Xián de Sales
470	31/08/2021	Autorizando conexión á rede municipal de abastecemento da vivenda sita en Fontao nº 14 –Vedra
471	31/08/2021	Autorizando acometida e conexión á rede municipal da abastecemento de vivenda sita en Castro nº 4 – Ponte Ulla
472	31/08/2021	Autorizando acometida e conexión á rede municipal de abastecemento da vivenda sita en Sete nº 7 –Santa Cruz de Ribadulla
473	03/09/2021	Concesión tarxeta de armas para pistola ASG Bersa e carabina Htsan
474	06/09/2021	Baixa do Programa Conxuga, modalidade Madrugadores, curso escolar 2021/2022 de AGC
475	06/09/2021	Denegando suspensión da taxa Programa Conxuga – Modalidade ludoteca de verán curso escolar 2021/2022 a VSC
476	06/09/2021	Alta no padrón municipal de habitantes
477	06/09/2021	Aprobación devolución ingresos LudoVerán 2021
478	06/09/2021	Aprobación devolución ingresos LudoVerán 2021
479	06/09/2021	Aprobando declaración improcedencia de devolución de ingresos Conxuga –modalidade Ludoteca polas tardes
480	06/09/2021	Aprobación declaración improcedencia devolución ingresos LudoVerán 2021
481	06/09/2021	Iniciación expediente sancionador por incumprimento de medidas sanitarias COVID-19
482	06/09/2021	Iniciación expediente sancionador por incumprimento de medidas sanitarias COVID-19
483	06/09/2021	Iniciación expediente sancionador por incumprimento de medidas sanitarias COVID-19
484	06/09/2021	Iniciación expediente sancionador por incumprimento de medidas sanitarias COVID-19
485	06/09/2021	Iniciación expediente sancionador por incumprimento de medidas sanitarias COVID-19
486	06/09/2021	Iniciación expediente sancionador por incumprimento de medidas sanitarias COVID-19



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



487	06/09/2021	Iniciación expediente sancionador por incumprimento de medidas sanitarias COVID-19
488	06/09/2021	Iniciación expediente sancionador por incumprimento de medidas sanitarias COVID-19
489	06/09/2021	Iniciación expediente sancionador por incumprimento de medidas sanitarias COVID-19
490	06/09/2021	Iniciación expediente sancionador por incumprimento de medidas sanitarias COVID-19
491	06/09/2021	Iniciación expediente sancionador por incumprimento de medidas sanitarias COVID-19
492	07/09/2021	Aprobación listaxe cobradora de matrícula e material EIM curso escolar 2021/2022
493	07/09/2021	Iniciación expediente sancionador por incumprimento de medidas sanitarias COVID-19
494	07/09/2021	Iniciación expediente sancionador por incumprimento de medidas sanitarias COVID-19
495	07/09/2021	Aprobación listaxe cobradora de Luoteca Paquete de vacacións, curso escolar 2021/2022
496	07/09/2021	Expediente limpeza de finca en Marzán de Arriba –Vedra
497	07/09/2021	Expediente limpeza de finca en Pousada de Arriba –Vedra
498	07/09/2021	Expediente limpeza de fincas en Matelo – San Xián de Sales
499	08/09/2021	Aprobación e orde de pagamento a M.M. V por facturación incorrecta de subministración de auga potable do 2T/2021
500	09/09/2021	Declarando desertos os lotes 2 (pisón de 2ª man) e 4 (furgoneta seminova L2H2) da licitación da subministración dos bens incluídos no Proxecto de Conservación Medioambiental (FCA 2021) (Exp. 2021/C005/000002)
501	09/09/2021	Orde de execución por incumprimento do art. 135 da Lei 2/2016 (non conexión ao saneamento municipal e evacuación de augas residuais en Tomonde – Santa Cruz de Ribadulla)
502	09/09/2021	Aprobación expediente de contratación de subministración dos bens do Proxecto de Conservación Medioambiental que quedaron desertos na licitación do expediente anterior (Exp. 2021/C005/000003)
503	09/09/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
504	10/09/2021	Expediente de limpeza de finca en Vilapedre – San Andrés de Illobre
505	10/09/2021	Expediente limpeza de finca por prevención de incendios
506	10/09/2021	Adxudicación lotes 1(xiro cero) e 3 (rozadoira con desprazamento) da licitación de subministración de bens incluídos no Proxecto de Conservación Medioambiental (FCA 2021) a Millasur, S.L e Maxideza, S.L respectivamente (Exp. 2021/C005/000002)
507	10/09/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
508	10/09/2021	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de Ludoteca polas tardes do mes de setembro
509	10/09/2021	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de Madrugadores do mes de setembro
510	13/09/2021	Ordenando comprobación legalidade obras de cerramento en Torre de Abaixo –Santa Cruz de Ribadulla e adopción de medidas correctoras oportunas
511	13/09/2021	Denegación cobro parcial servizo de madrugadores curso escolar 2021/2022 de HBF



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



512	13/09/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
513	14/09/2021	Iniciación expediente sancionador por incumprimento de medidas sanitarias COVID-19
514	14/09/2021	Baixa na EIM de MBS
515	14/09/2021	Baixa no Programa Conxuga, modalidade de Madrugadores curso 2021/2022 de HCS
516	14/09/2021	Redución intensidade SAF-Libre concorrencia de FJEF
517	14/09/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
518	16/09/2021	Alta no Programa Conxuga, modalidade madrugadores curso escolar 2021/2022 de JSL e YSL
519	16/09/2021	Modificación asistencia Programa Conxuga, modalidade Ludoteca , curso escolar 2021/2022 de RRF
520	16/09/2021	Devolución parte proporcional de ingreso pola taxa de actividades deportivas 1º cuadrimestre da tempada 2020/2021
521	16/09/2021	Devolución parte proporcional de ingreso pola taxa de actividades deportivas 1º cuadrimestre da tempada 2020/2021
522	16/09/2021	Devolución parte proporcional de ingreso pola taxa de actividades deportivas 1º cuadrimestre da tempada 2020/2021
523	16/09/2021	Devolución parte proporcional de ingreso pola taxa de actividades deportivas 1º cuadrimestre da tempada 2020/2021
524	17/09/2021	Aprobación solicitude de subvención para reforma da escola unitaria de San Fins de Sales, aprobación memoria e aceptación de condicións de subvención e financiamento para 2021
525	17/09/2021	Aprobación autoliquidación do 2º cuadrimestre do 2021 do canon da auga
526	21/09/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
527	21/09/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
528	21/09/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
529	22/09/2021	Cambio de xornada e alta no servizo de comedor da EIM , curso escolar 2021/2022 de ANN
530	22/09/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
531	22/09/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
532	23/09/2021	Recoñecemento trienios persoal municipal
533	24/09/2021	Aprobación nóminas mes de setembro
534	27/09/2021	Concesión licenza administrativa posesión de animal a M-L.M.S
535	27/09/2021	Concesión licenza administrativa posesión de animal a M-L.M.S
536	27/09/2021	Amortización anticipada de préstamo con cargo ao POS +2021 (Préstamo)
537	28/09/2021	Alta SAF –Libre concorrencia de LCB
538	28/09/2021	Baixa no Programa Conxuga, modalidade madrugadores curso escolar 2021/2022 de JCF
539	28/09/2021	Expediente de limpeza de finca en Marzán de Arriba –Vedra
540	28/09/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
541	28/09/2021	Aceptando parcialmente alegacións presentadas por Atendo Calidade, S.L contra sanción imposta por incumprimento
542	28/09/2021	Concesión bonos de alimentos
543	27/09/2021	Cambio de titularidade recibo taxa de lixo vivenda núm. 3 de Cibrán –San Xián de Sales
544	28/09/2021	Cambio de titularidade recibo taxa de lixo vivenda núm. 16 de Castro –Ponte Ulla



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



545	28/09/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
546	28/09/2021	Devolución parte de anticipo erroneamente ingresado pola Xunta de Galicia
547	28/09/2021	Aprobación conta xustificativa Programa Aula Mentor 2021 para a xustificación da subvención
548	28/09/2021	Aprobación facturas <i>Programa de fomento da conciliación e da vida persoal, laboral e familiar (SI435B) Mulleres+</i> , subvencionado pola Secretaria Xeral de Igualdade
549	29/09/2021	Devolución exceso cobrado na taxa do servizo de ludoteca polas tardes correspondentes ao mes de setembro
550	30/09/2021	Requirimento cumprimento Lei de incendios
551	30/09/2021	Aprobando cambio de celebración pleno extraordinario do 01/10/2021 para homenaxe aos voluntarios e colaboradores durante a pandemia da COVID-19

A Xunta de Goberno Local dáse por informada.

Conclúe ao fin das vinte e unha horas e quince minutos.

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS

ACORDO APROBACIÓN FACTURAS E GASTOS XGL 07.10.2021

				- APLICACIÓN -			I.V.A. Deducible Euros	- DESCUENTOS -		
Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	Año Org. Prog. Econ. Proyecto	RC,A,D	Importes Euros		Conceptos Descuento	Importes Euros	Importe Fac. Euros
F/2021/1464	44842226T Regueiro Cerviño Gonzalo (Galitiming Sport)	GA-39/2021	Conformada	2021 311 22699 2021 / 5 / COVID / 1 / 1		455,57				455,57
11/08/2021	Alugamento de carpa de 5x5 e módulo (COVID) para o centro de saúde de Vedra. Período 01/07/2021-31/07/2021	06/08/2021	ALCALDÍA							
F/2021/1526	B36180750 Hermanos Villar, S.L.	F21 2233	Conformada	2021 1531 21300		98,31				98,31
30/08/2021	Revisión e comprobación do mando electroproporcional da rozadoira lateral con desprazamento mecánico en agosto/2021	30/08/2021	ALCALDÍA							
